

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE VILASANTAR PARA O PROXECTO DE AMPLIACIÓN DA RUTA DOS MUÍÑOS DO RÍO DAS GÁNDARAS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co concello de Vilasantar o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia e o concello de Vilasantar para a ampliación da Ruta dos Muíños do Río das Gándaras.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade pública instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades de promoción do turismo, e para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Os concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro,



do turismo de Galicia, teñen competencias en materia de turismo, en concreto a “información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local”.

Terceiro.- Que o concello de Vilasantar, está situado na comarca de Betanzos, conta con seis parroquias, sendo a de Mezonzo por onde discorre a maior parte do río Gándaras.

A base da economía do concello céntrase na agricultura e sobre todo na gandaría, convivindo con pequenas industrias. O turismo rural, a agricultura ecolóxica e a revalorización de produtos artesanais atopan aquí un medio inmellorable e prometen ser alternativas que impulsarán ao citado concello.

O obxecto do presente convenio é a ampliación do sendeiro denominado Ruta dos Muíños do Río das Gándaras, co que se pretende darlle continuidade a un paseo fluvial xa existente no concello de Vilasantar. A actuación discorrerá na súa totalidade por terreos municipais.

Obsérvase unha tendencia de cambio do turismo convencional a outro alternativo máis acorde coa sensibilidade ecolóxica actual e que se vai instaurando pouco a pouco entre as preferencias do público, o que está provocando a aparición de novos destinos e actividades que teñen como protagonista o medio natural. Por esta razón o que se pretende con este proxecto é dar resposta a esa tendencia de turismo alternativo, promovendo unhas actividades como son o sendeirismo, de xeito que se promovan e defendan os valores naturais, históricos e etnográficos do concello e así contribuír a súa conservación e uso sustentable para revalorizar a contorna. Un dos aspectos a destacar do proxecto é a integración paisaxística e respecto medioambiental, posto que o paseo discorre na súa totalidade por zonas non urbanizadas, en contacto coa fauna e flora da zona, polo seu valor natural.

Cuarto.- Ao abeiro do disposto na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a Xunta de Galicia e as entidades locais poderán celebrar convenios de colaboración entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia, podendo coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, executar puntualmente obras ou servizos e adoptar as medidas oportunas para acadar calquera outra finalidade de contido análogo.



Que a través deste convenio, outórgase ao concello de Vilasantar unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

